



## Mobilizacións pola carga de traballo

Coa "nova normalidade", temos que **recuperar** as mobilizacións que deixamos en suspenso. Lembremos que o domingo 15 de marzo, en

que Navantia decretou a suspensión da actividade, tiñamos prevista unha mobilización comarcal.

Nestes meses, a situación de milleiros de familias que dependen de Navantia **empeorou** por culpa dos ERTES e dos despedimentos na Industria Auxiliar.

Os delegados da CIG na IA mobilizáronse o pasado 29 de maio e fixeron un chamamento ó resto dos sindicatos para "relanzar a reclamación pola carga de traballo e recuperar as condicións sociolaborais [dos traballadores da IA]". A **CGT** cre que isto é, con moito, **o máis urxente**.

Temos que **unificar** a nosa loita pola carga de traballo coas loitas de Alcoa, de Alu Ibérica, da Nissan..., pois se trata do mesmo: a loita contra unha desindustrialización que vén de hai décadas, e que agora se está a acelerar novamente.

### Cádiz: ¡Retirada inmediata da sanción!

A dirección de Navantia sancionou a Ricardo Sierra, coordinador do comité de Prevención e secretario da sección sindical de UXT en Navantia-Cádiz, con 40 días de emprego e soldo, por unhas declaracións á prensa en abril nas que dixo: "Sempre apostamos pola reactivación, pero unha das condicións era que se cumprisen os protocolos de seguridade. Faltan máscaras, luvas... Non podemos seguir así".

O que denunciou é a **incómoda realidade que nin Navantia nin os empresarios da industria auxiliar queren que transcenda fóra das factorías**, realidade que vai moito máis aló da escaseza de epis e que está a suceder en todo o grupo a pesar da aprobación do protocolo, como temos denunciado a **CGT**, tanto en Ferrolterra como na baía de Cádiz.

Non se pode tolerar que unha empresa sancione a un representante sindical por facer unha denuncia pública de algo que está pasando.



É un feito moi grave. Hai que responder **de inmediato** convocando **assembleas xerais** en tódalas factorías para debater e votar un plan de **mobilizacións** todo o **contundentes** que fagan falla para obrigar á empresa a retirar a sanción.

Pero esta sanción tamén debe levarnos a todos e todas a facer unha **reflexión** de fondo. Non é casualidade que as empresas sexan cada vez máis agresivas. É a consecuencia dun sindicalismo de colaboración coa patronal, que fortalece a esta e debilita o movemento obreiro. O presidente do comité de Cádiz declarou onte (tras un pleno que tivo que celebrarse nas portas porque a empresa **non deixou entrar** na factoría ó sancionado) que non descartan chegar á folga, pero que "temos clientes que nos dan de comer ós que non podemos amolar". Para facer unha tortilla hai que romper ovos. A única maneira de frear este abuso e tódolos demais é cun **sindicalismo combativo, de clase e assembleario**.

### Tests masivos covid-19

En abril, durante as discusións no Comité de Emerxencia de cara ó reinicio da actividade, a **CGT** esixiu facer tests a tódolos traballadores, a fin de garantir que non entraban asintomáticos. A empresa respondeu que a lei non os contemplaba.

A pandemia segue rondando (antonte desinfectáronse preventivamente dúas oficinas de Ferrol, unha na Sala Técnica e outra no edificio de Dirección). E xa non hai escusas: unha recente modificación do "Procedemento para os servizos de Prevención" do Ministerio de Sanidade abre a porta a tal posibilidade.

## Vacacións pendentes e devolución de horas

A empresa pretende que as vacacións pendentes de 2019 se usen para compensar os días que estivemos confinados.

A **CGT** rexeita que os traballadores debamos devolver eses días porque non foron vacacións.

En calquera caso, esiximos que tódolos

prazos se retrasen, como mínimo, o mesmo tempo que dure o estado de alarma.

O comité debe convocar unha **assemblea xeral** para tocar estes temas.

E debe tamén **consultar cos traballadores** calquera posible acordo coa empresa.

## Novos ingresos

A semana pasada, a empresa propuxo que tódolos inscritos se puidesen presentar a exame e que este fose on-line. Nunha nova xuntanza con ela este martes, a parte social rexeitouno, quedando claro que o exame sería presencial.



Onte almorzamos coa noticia a toda páxina de que "Navantia examinará a tódolos que solicitaron as prazas de operarios". A pesar de que a noticia fala de "fontes de Navantia", a empresa negou ter nada que ver con ela. Negaron incluso coñecela.

A **manobra** está clara: posto que examinar a tódolos inscritos só é posible mediante un exame on-line, a empresa quere asentir unhas das premisas para despois converter en inevitable a outra: posto que hai que examinar a tódolos inscritos... o exame ten que ser on-line.

Preparémonos para oír de todo: que se o coronavirus impide os exames presenciais (pero vai haber selectividade presencial e eleccións autonómicas), que a cousa xa vai moi retrasada e o exame on-line é máis rápido (como se o retraso fose un accidente cósmico)...

A dirección segue a xogar sucio, e van... Ou o **conxunto** dos traballadores tomamos medidas contra este tipo de actuacións, ou a empresa seguirá a facer o que lle pete.

Nesa mesma xuntanza, a empresa explicou que as prazas de técnicos de Prevención e de Medio Ambiente se adxudicarán tendo en conta a documentación que presenten (sen explicar como se baremará) e unha entrevista persoal, procedemento que calificou de "totalmente obxectivo".

## Formada a CGT do Concello de Narón

A semana pasada quedou constituída outra sección sindical da CGT en Ferrolterra, en concreto a do Concello de Narón.



Desde aquí saudamos este novo paso adiante do sindicalismo combativo, de clase e assembleario na nosa comarca, que redundará en beneficio do conxunto da clase traballadora.

## Horas sindicais de maio

Das seis persoas da **CGT** con horas sindicais, dúas estiveron teletraballando e tres non traballaron.

A compañeira Carmen incorporouse ó choio o día 11. Desde ese día a finais de mes utilizou un total de 6,50 horas sindicais.



### Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:  
[cgt.fe@navantia.es](mailto:cgt.fe@navantia.es)  
[naval.ferrolterra@cgtgalicia.org](mailto:naval.ferrolterra@cgtgalicia.org)

Séguenos e comparte información nas  
RRSS

